


## ACCESO Ó CATÁLOGO

O catálogo é accesible dende calquera ordenador conectado a Internet na seguinte dirección:

<http://biblio15.uned.es>

En todas as bibliotecas da UNED existen ordenadores a disposición dos usuarios para poder consultar o catálogo.



## ACCESO ÓS FONDOS



Os fondos débense pedir ao persoal da biblioteca.

Os documentos da Biblioteca **consultaranse na sala de lectura**. Para sacalos desta débese pasar polo mostrador da Biblioteca. Para facilitar o bo uso do servizo, débense seguir as seguintes **indicacións**:

- Hai que manter o silencio e apagar os teléfonos móbiles.
- Os materiais da biblioteca son bens públicos, os usuarios teñen o deber de coidalos.
- As zonas de lectura e estudo non son para outros usos, tampouco para comer ou beber.
- Débense respectar os prazos de devolución dos documentos.

## BIBLIOTECA DO CENTRO ASOCIADO UNED LUGO

Tolda de Castela nº 4B  
(Detrás Gasolineira /Antigo Hotel Miño)  
27169 Lugo

Teléfono: 982 28 02 02 – Fax: 982 23 16 00

Whatsapp: 608 57 73 91

Enderezo electrónico: [biblioteca@lugo.uned.es](mailto:biblioteca@lugo.uned.es)

Páxina Web: <http://www.lugo.uned.es/>

## HORARIO

Apertura: luns a venres

08:30 a 21:00 h.

## HORARIO DE VERÁN

Do 10 xuño ao 19 de xullo e do 21 ao 30 de agosto en horario reducido de 9:00 a 14:00 h.

Pechado do 20 de xullo ao 20 de agosto de 2019  
(ambos inclusive)

## SERVIZOS

- Consulta e lectura en sala
- Préstamo a domicilio
- Préstamo interbibliotecario
- Consulta audiovisuais (cita previa)
- Servizos en rede: WIFI - Internet





## CONDICIÓN DE PRÉSTAMO

Para facer uso do servizo de préstamo presentase sempre o carné da UNED actualizado, que só poderá ser utilizado polo titular do mesmo, ou ben mediante autorización escrita do titular. [Descarga Documento](#)

Préstanse todos os fondos desta biblioteca, **salvo os que a continuación se indican:**

- Obras de referencia (diccionarios, enciclopedias, atlas...)
- Publicacións periódicas



## DOCUMENTOS EN PRÉSTAMO

O número máximo de documentos que se prestan simultaneamente a cada lector, é **de tres**.

## PRAZOS DE PRÉSTAMO

A duración do préstamo é de sete días, que se poderá renovar só unha vez por outros sete.

## RESERVAS

Poderán solicitarse presencialmente, por teléfono, correo electrónico ou por Whatsapp. Non está habilitada a funcionalidade no catálogo-buscador da biblioteca (Solicitudes).

O prazo para retirar un documento reservado será de 3 días.

## PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO

As bibliografías básicas que non formen parte da colección da UNED Lugo, poderán solicitarse a través do servizo de préstamo interbibliotecario, para facelo cumprimentarase unha solicitude. [Descarga Documento](#).

Trátase dun servizo limitado e sen custe, restrinxido aos alumnos/as matriculados no C.A. UNED en Lugo. Os alumnos/as doutros centros terán que dirixirse á súa Biblioteca correspondente para a tramitación das peticións de xeito gratuito. Ou ben aboar os gastos de devolución se desexan tramitalas dende Lugo.

Os estudantes de máster / doutoramento / TFG terán dereito a **4 préstamos gratuitos** por curso académico, a partires do 5º terán que aboar os gastos de devolución.

## RENOVACIÓN DO PRÉSTAMO

A renovación do préstamo poderase facer ata o día no que finaliza o prazo antes das 21:00 h. de modo presencial, por teléfono, *Whatsapp* ou a través de Internet na páxina do Catálogo-Buscador de la Biblioteca:

<https://buscador.biblioteca.uned.es/>

No enlace "*Identificarse*" (*marxen superior dereito*), seleccionando "*Mis préstamos*".



## SANCIÓN

Cada día hábil de atraso na **devolución** dun libro será sancionado coa **suspensión do préstamo por un período de tempo igual ao da demora**. O programa contabiliza as sancións tendo en conta os días de atraso e número de documentos prestados.

## USUARIOS

**Internos:** profesores-titores, alumnos e P.A.S. da UNED con carné actualizado.

**Externos:** CUID, Fundación UNED, alumnos/as matriculados na proba libre de Acceso Maiores 25/40/45 anos, matriculados noutras Universidades,

## RÉXIME DISCIPLINARIO PARA OS USUARIOS

**Art. 21. Son infraccións moi graves:**

- A subtracción de libros, revistas ou outro material.
- A non devolución dos libros prestados.
- O uso indebido das instalacións e equipamento da Biblioteca que ocasionen un prexuízo grave á mesma.

**Art. 22. Son infraccións graves:**

- O deterioro ou perda dos fondos bibliográficos, de calquera tipo e en calquera soporte.
- A reiteración de faltas leves.

**Art. 23. Son infraccións leves:**

- O incumprimento dos prazos establecidos para a devolución dos documentos en préstamo.
- A alteración da orde nos recintos da Biblioteca.